

Tarea de repaso para o exame. Tema 3 / O clima. (Posibles preguntas do exame).

1º Define: (Vocabulario que podo preguntar no exame).

- | | |
|------------------------|----------------------------|
| 1.1 Tempo atmosférico, | 1.2 Clima, |
| 1.3 Meteoroloxía, | 1.4 Climatoloxía, |
| 1.5 sabana | 1.6 Taiga ou Bosque boreal |
| 1.7 isobaras, | 1.8 Presión atmosférica, |
| 1.9 Tundra, | 1.10 bosque caducifolio |
| 1.11 landa atlántica | 1.12 Garriga e Maquis |

2º Responde as preguntas:

- 2.1 Cales son os elementos do clima e do tempo atmosférico?
- 2.2 Cales son os factores que inflúen no clima e no tempo atmosférico?(pax 60)



3º (pax 62 do libro de texto) Onde teñen lugar os fenómenos meteorolóxicos?



4º Que é a atmosfera?(pax 62) Como nos protexe a atmosfera? (pax 63)

5º En que capa da atmosfera se atopan os gases que fan posible a vida na Terra? (pax 62)

6º En que capa da atmosfera se producen os fenómenos metereolóxicos coma as precipitacións, nubes, vento...)? (pax 62)

8º Cómo se mide a temperatura? Cales son as zonas climáticas da Terra? (pax 64).

9º Escribe as zonas climáticas: (pax 64)



9º Escribe as zonas climáticas: (pax 64)

10º Que climas podemos atopar en cada zona climática do planeta?

Zona fría:.....

Zona temperada:.....

Zona cálida:.....

11 º Que é a temperatura media anual? e a amplitude térmica? (pax 64)

12 º Que é a HUMIDADE do aire? Como se mide a humidade do aire?(pax 65)

13º Que son as precipitacións? Como se miden as precipitacións? (pax 65)

14º Como se orixinan as precipitacións? (pax 65)

15º Como inflúe a a latitude , a altitude e a distancia ao mar na temperatura dun clima? Argumenta a resposta.(pax 65)

(pax 66-67)

16º Que é a presión atmosférica? Como se mide a presión atmosférica?

17º Como varía coa altitude a presión atmosférica?(pax 66)

18º Que é o vento? como se mide o vento?

19º Como se forman as brisas mariñas? (pax 67) Podes ler o texto.


Como se producen as brisas mariñas?

As brisas mariñas prodúcense cando existe unha diferenza de presión atmosférica entre a costa e o mar. ***E cando ocorre esta diferenza de presión?***

Resposta: O Sol quenta as superficies, pero non de maneira homoxénea, senón que a terra quéntase moito máis rápido que a auga do mar. Polo día o Sol quenta moito máis a superficie da Terra e ao adquirir maior temperatura, o aire que se atopa por encima da terra vólvese menos denso e ascende , ao elevarse créase unha área de baixa presión sobre a terra. O aire ao ascender arrefría. Doutra banda, sobre o sector marítimo o aire é relativamente máis frío e por tanto, máis denso, facendo que este (o aire frío) descenda e fórmese unha zona de alta presión sobre o mar. Esta diferenza de presión é o que conduce ao movemento da masa de aire desde a área do mar cara á terra, producindo a brisa. Pola noite é xusto o contrario. (Observa os debuxos).

Tamén contas cun vídeo na aula virtual.

Polo día a brisa ven do mar: (pax 68-69)



Pola noite a brisa procede da terra ao mar:




20 Que son as isobaras? Que son os mapas do tempo?

21° Que é un anticiclón? Debuxa as isobaras dun anticiclón.

22 ° Que é unha borrasca? Debuxa as isobaras dunha borrasca.

A presión ao nivel do mar son 1013 milibares máis de 1013 mb son altas presións ou anticiclóns menos de 1013mb son Baixas presións ou borrascas. O aire circula das altas as baixas presións. Nas altas presións en sentido das agullas do reloxo e nas baixas en sentido contrario.


Debuxa as isobaras dunha alta e dunha baixa presión e como circula o aire das altas as baixas presións. Logo intenta explicar por escrito como circula o aire das altas as baixas presións.



23° Que é unha fronte?


24.-Que quere dicir que está por chegar unha fronte cálida? Debuxa a representación dunha fronte cálida nun mapa do tempo.

25 Que quere dicir que está por chegar unha fronte fría? Debuxa a representación dunha fronte fría nun mapa do tempo.




26 Como se mide a forza e a dirección do vento?

28 Que tempo vai facer na Península? Observa o mapa do tempo e comenta o mapa d eisobaras como fixemos na clase.



N aAula virtual contas cos apuntamentos sobre os diferentes clima da terra e o seu correspondente climograma Comenta o climograma como fixemos na clase



LOS CLIMAS DEL MUNDO

	Localización	Temperaturas	Precipitaciones	Ríos y Paisajes
C. Ecuatorial	Áreas situadas en torno al ecuador	Siempre muy altas 25°	Muy abundantes 2000 mm Muy regulares (llueve todos los días)	Selva Los ríos son regulares y muy caudalosos
C. Tropical	Al norte y al sur de la zona que ocupa el clima ecuatorial	Elevadas todo el año	Existe estación seca y estación húmeda	Bosque tropical / Sabana / Estepa Los ríos sufren grandes crecidas en la época de lluvias
C. Desértico	En torno a los trópicos y junto a las corrientes marinas frías	Grandes oscilaciones térmicas entre el día y la noche	Muy escasas	No existen corrientes de agua permanentes Poco vegetación
C. Oceánico	Entre los paralelos 40° y 60° costas occidentales de Europa y América	Suaves Poca oscilación térmica	Llueve mucho Lluvias suaves y persistentes	Caudalosos y regulares Bosque caducifolio/ Landa/ Prados
C. Mediterráneo	En las zonas costeras que rodean el mar Mediterráneo, en California, Chile, Sudáfrica y algunas zonas de Australia	Veranos calurosos e inviernos suaves	Escasas, especialmente en verano Sequía estival Cuando llueve, en primavera y otoño, hay riadas e inundaciones	Bosque perennifolio
C. Continental	Europa central y norte de América La mayor parte de la zona templada de Asia	Extremas, veranos muy calurosos e inviernos muy fríos	Pocas	Ríos son grandes Los ríos se hielan en invierno Taiga BOSQUE DE CONÍFERAS
C Polar	En los Polos	Muy bajas	Prácticamente inexistentes	Tundra
C. Alta Montaña	En las altas montañas, a partir de 2500 m	Frías	Abundantes	La vegetación se dispone en pisos